



## PARTIDO COMUNISTA DE GALICIA POLA PAZ, O EMPREGO ESTABLE E OS DEREITOS SOCIAIS

Un ano máis os traballadores, os sindicatos e os partidos da clase obreira conmemoramos neste 1º de Maio o aniversario dos mártires de Chicago, resaltando a valía de cantos traballan e empeñan o seu esforzo na defensa dos dereitos dos traballadores, a dignidade do traballo, a liberdade, a xustiza social e a solidariedade para construír outro mundo mellor. Este 1º de Maio está marcado polo brutal atentado do pasado 11 de Marzo, un acto criminal que tivo por destinataria á clase obreira madrileña, o pobo de Madrid e a tódolos pobos de España. Os efectos da guerra e a invasión de Iraq continúan de forma dramática ofrecendo un saldo de destrución, terror e sufrimento que lonxe de ofrecernos un mundo máis seguro, como pretendían vendernos desde o goberno do PP, reafirman o carácter inxusto, ilegal e inmoral desta guerra. Todo confirma que desde o desprezo ó dereito internacional só é posible o caos e a barbarie. Unímonos neste 1º de Maio con cantos comparten a necesidade do regreso inmediato das nosas tropas.

Consideramos urxente a aplicación inmediata das resolucións do Consello de Seguridade da ONU sobre Palestina, de forma que se poña fin ás continuas agresións que sofre o pobo palestino por parte do exercito israelí, se asegure o cese inmediato da violencia e dos asasinatos e se recoñeza o Estado palestino. España, xunto ó resto dos países europeos, debe traballar de maneira activa pola consecución deste obxectivo.

As forzas democráticas e de esquerda foron capaces de poñer fin ó cuatrienio negro que representou o goberno do Partido Popular, sabendo aproveita-la oportunidade para parárle-los pes, dicindo non ó terror á guerra e á mentira. Unímonos neste 1º de Maio a cantos reclaman do goberno outra política fronte ó terrorismo e fronte á manipulación que se fixo dos medios de comunicación.

Neste 1º de Maio constatamos que os problemas dos traballadores agraváronse durante o cuatrienio negro. España sigue ocupando o primeiro posto da Unión Europea no paro, precariedade laboral e accidentes de traballo e é a último en gasto social.

Aínda que nas derradeiras décadas o acceso ó traballo remunerado das mulleres aumentou considerablemente, sigue sendo negativo o ritmo e as condicións nas que accede. As mulleres teñen a menor taxa de actividade e a maior de desemprego, continúan as diferencias retributivas e son protagonistas en primeira persoa da precariedade, a eventualidade e a economía somerxida, consecuencia delo, a dependencia económica e polo tanto a vulnerabilidade fronte al maltrato físico e psicolóxico.

Reclamamos do goberno do PSOE medidas concretas que permitan atalla-la temporalidade e a precariedade, son necesarias tanto modificacións legislativas que devolvan a causalidade na contratación, impidan o encadeamento irregular de contratos ou a rotación sistemática para cubri-los postos de natureza estable como medidas de control e inspección que rematen co fraude na contratación e aseguren o cumprimento das normas laborais. Especial importancia ten a redución da temporalidade na administración pública que aumentou considerablemente durante o goberno do PP.

Reclamamos do goberno do PSOE medidas concretas que permitan atalla-la siniestralidade laboral atacando as súas causas de fondo. O desregulamento das condicións laborais, así como a exteriorización dos custos, coa brutal proliferación das subcontratas, gardan unha estreita relación cos elevadísimos niveis de siniestralidade que se producen no noso país. Da temporalidade pásase á precariedade e a súa vez á inseguridade laboral, esta é a triste senda que percorren boa parte dos traballadores, especialmente os mozos, as mulleres e os inmigrantes.

Desde o PCG, vamos a continuar reclamando y defendendo o emprego estable con dereitos, a redución da xornada laboral a 35 horas semanais sen redución salarial, a incorporación digna ó emprego das mulleres e os mozos, á mellora dos servizos públicos e das pensións, á recuperación do poder adquisitivo dos salarios, unha maior protección social para os traballadores sen emprego, á cobertura social para as persoas dependentes cunha lei que asegure os recursos necesarios e a esixencia de igualdade de dereitos laborais e cidadás para os inmigrantes.

Desde o PCG continuaremos reclamando e defendendo unha sociedade máis xusta e igualitaria, que garanta a sanidade, a educación, a formación, a estabilidade laboral, a igualdade entre homes e mulleres, combatendo a violencia de xénero e unha distribución xusta e equilibrada da riqueza.

Desde o PCG continuaremos reclamando e defendendo unha Europa social con dereitos para os traballadores, onde non se de rango constitucional ó neoliberalismo, cunha fiscalidade común que garanta os recursos necesarios para atende-lo gasto público. Unha Europa referente da paz, da solidariedade, implicada nas solucións pacíficas e democráticas dos conflitos. Unha Europa libre, crítica e distante coa estratexia de dominación e guerra do actual goberno dos EEUU.

Neste 1º de Maio desde o PCG unimola nosa voz ás demandas dos traballadores e o movemento contra a globalización capitalista, que pon en cuestión cada vez con máis forza e con máis propostas alternativas que é posible outra economía humanizada, participada e solidaria. Unimola nosa voz cos que defenden a dignidade do traballo e reclaman o dereito para construír outro mundo, cun proxecto de vida digno, solidario, comprometido co medio ambiente e cos seres humanos de todo o planeta.

**Viva o 1 de Maio. Viva a Unidade dos Traballadores.**

**[www.pcg Galicia.org](http://www.pcg Galicia.org)**